

## PROLOGO

O RETO DE GALICIA. Alexander Tzonis

A miña primeira visita a Galicia con Liane Lefaivre foi fai vinte anos. Lémbrome en particular do cálido granito de cor gris que envolvía os espazos exteriores, fachadas, pavimentos, e o ceo, creando un sentimento de serenidade e contención. Inda manteño vivida na memoria a impresión que nos causou varios proxectos novos realizados por arquitectos totalmente descoñecidos fora de España, aqueles como o uso do granito feito por Bar Boo nos edificios en altura e nas pequenas estruturas de Campos Michelena para a revitalización da vila mariñeira de Combarro. Os proxectos eran poucos pero excitantes porque tiñan un senso único e uns atributos de creatividade propia xerados por un efectivo exame das necesidades e do potencial dos recursos locais. Este sentimento foi confirmado máis tarde cando amosamos eses proxectos fora de España en conferencias e artigos. A orixe da excitación foi o feito de ter os proxectos un significado “rexional” que os situaba dentro dunha serie de requisitos ben definidos, e sendo solucións únicas contribuían á diversidade do coñecemento arquitectónico.

Nese momento era imposible imaxinar a cantidade, forma e estilo das casas construídas en toda Galicia durante estes dez últimos anos, unha mostra representativa son as vintecinco casas seleccionadas neste libro. Nembargantes, o feito de que existan hoxe eses proxectos non resulta sorprendente. Malia que as estruturas documentadas non permiten definir a totalidade do tecido constructivo de Galicia, son suficientes para debuxar cando menos unha importante conclusión: sen dúbida Galicia fai parte da globalización. Este non é un feito moi sorprendente. Porque Galicia seguiu de xeito predecibel o camiño de moitas outras rexións do mundo, en América, Asia, ou noutros países de Europa, tamén adoptaron o modelo suburbano da urbanización difusa para situar residencias e como prototipo para o seu deseño a “nova imaxe” posterior á Segunda Guerra Mundial de “Casa e Xardín” Americana. De xeito oposto ao dos seus antergos, as arquitecturas da urbanización difusa vistas aquí dispersas sobre dunha paisaxe ex-rural non moi aloxada dos centros urbanos dos que dependen, son unidades mono-funcionais pensadas para aloxar a familias nucleares de parellas de profesionais xoves. Así, como en parecidas situacións ao longo do mundo, malia que algunhas actividades intelectuais se suceden no seu territorio, en xeral non hai lugares de produción. O presente libro contén unha fotografía da Casa no sur de California de Charles e Ray Eames de 1949, un deseño pioneiro de casa, que en contraste coas mencionadas casas da “nova imaxe” e as vellas casas de aldea, combina un lugar de traballo con un lugar onde vivir e ver crecer aos fillos. Charles e Ray Eames son coñecidos como laboriosos traballadores e xuntos producían un intenso e creativo traballo de alta calidade, deseñadores innovadores mentres baixo o mesmo teito, como matrimonio, fixeron crecer aos seus fillos. Segundo John Entenza, esta casa era moi “rexional” e creativa ao ser unha solución satisfactoria, nova e

persoal, de ordenar a un mesmo tempo as necesidades do programa contando con novos recursos, materiais de construción producidos industrialmente e novos medios de transporte e comunicación.

Coma nas casas modernistas da urbanización difusa californiana, en Grecia, ou en Australia, as casas de Galicia aquí presentadas posúen espaciosos, amplos interiores ordenados onde existe abundancia de espazos adicados ao ocio que veñen permitidos polo aumento de poder adquisitivo dos seus habitantes. Coma nas plantas de esas casas suburbanas, as plantas das casas galegas son “abertas”. Os espazos interiores superpóñense, fusionándose entre eles, e co exterior. Contrastes espaciais e vistas, dispositivos tradicionais do consuetudinario pintoresquismo asociado co benestar, son acentuados inclusive si a vista xa non existe. Tódolos proxectos proporcionan aloxamento para o coche ao que os seus propietarios someten parte da súa liberdade na relación cos demais.

Claramente, estes vinte e cinco exemplos fálanos que Galicia seguiu de xeito predecibel o camiño que seguiron ou seguirán outras rexións do mundo. Este grao é resultado da facilidade coa que a información, e en particular a información arquitectónica, é difundida e por conseguinte imitada. A grande extensión de semellanza do desenvolvemento arquitectónico global tradúcese nalgunhas regras inamovibles seguidas pola xente arredor do mundo respondendo de xeito uniforme as súas necesidades de hábitat cando as súas rendas aumentan. ¿Cál é o resgo característico de este libro ao parecer, e nono é, predecibel?, ¿Cál é a súa contribución?

Penso hai un grande valor nesta recompilación arqueolóxica actual realizada por Toni García e os seus colaboradores. Engadido ao seu valor histórico por ofrecer un retrato de arquitectura de un momento no espazo e no tempo, este documento tamén constitúe un espello, como di García, “no que os galegos podan coñecerse mellor”.

Este é un retrato de unha realidade: a realidade de vinte e cinco exemplos de casas de Galicia e do seu alto nivel de deseño e calidade constructiva, en comparación coas súas contrapartidas do resto do mundo. Pero é tamén a fotografía de un soño, o estendido soño global da pretendida arcadia suburbana. E tamén a documentación da realidade do non intencionado, dos imprevistos resultados do soño de planear fragmentos de paisaxe natural e igualmente separar o dominio público.

De este xeito, ademais de xerar orgullo e satisfacción polos resultados dos deseños, este libro axuda a propor fondas cuestións acerca do presente e do futuro: ¿Onde estamos?, Cómo chegamos ata aquí?, Cara onde imos así?

Tal e como están as cousas hoxe no hai razón algunha para que continúe a fragmentación da paisaxe natural e a separación do dominio público. E tampouco hai razón para que a longo prazo o impacto de eses procesos nos veñan a proporcionar malas novas. Un non espera unha crise tan dramática da escala do acontecido co afundimento do petroleiro *Prestige*, pero a perda de calidade social e ecolóxica de xeito tan gradual pode ser irreversible.

Nembargantes, este libro tamén estimula a tomar outras vías explorando novas formas de vida e novos tipos de deseño e construción, máis sustentábeis ecolóxica e socialmente, e máis profundamente ligados ao que a rexión necesita e pode ofrecer. A rexión malia todo posúe excelentes precedentes de formas de vida máis agradábeis ecoloxicamente e cun maior sostemento da relación pública. Santiago de Compostela posúe unha incomparable rede de espacios públicos, A Coruña un tratamento único do seu fronte urbano, o que non sómente manifesta a particularidade da herdanza arquitectónica de Galicia senón tamén proporciona unha riqueza de potenciais ferramentas á hora de procurar solucións a futuros problemas de deseño.

Este libro fai de Galicia non sómente un magnífico lugar para percorrer, senón tamén contribúe a facer do mundo un lugar mellor para vivir.

Alexander Tzonis\*

\*Alexander Tzonis é profesor emérito e responsable da cátedra de Teoría da Arquitectura e metodoloxía do deseño na TUDelft-University of Technology of Delft-Holanda. Fixo os seus estudos na Universidade de Yale e impartiu docencia na Universidade de Harvard de 1967 a 1981. Foi profesor invitado no MIT, Columbia University, e nas Universidades de Montreal, Strasbourg, Singapore, University of Technology Vienna, Technion de Israel, e no College de Francia. Escritor, editor, pensador, entre das súas publicacións atopamos *The Shape of Community* (Penguin, 1972) con Serge Chermayeff y *Towards a non-oppressive Environment* (MIT Press, 1972), *Classical Architecture* (MIT Press, 1986; 5ª edición en 1990) y *The Roots of Modern Architecture* (SUN, 1984; segunda edición en 1990) ámbalas dúas en colaboración con Liane Lefavre.

Dirección profesional: TUDelft-Faculty of Architecture. Berlageweg, 1. 2628CR. Delft-Holanda.

email-[a.tzonis@bk.tudelft.nl](mailto:a.tzonis@bk.tudelft.nl)